

ITINERARIO

Este ano, por primeira vez, visitaremos **Navarra**. Esta Comunidade Foral, situada entre os Pirineos, Aragón, a Rioja e o País Vasco, ademais dun importante patrimonio cultural e paisaxístico, posúe un dos niveis máis altos de vida da nosa xeografía. Non cabe dúbida de que os navarros teñen neste senso moita sorte, pero a nós, a *riquiños*, non nos gaña ninguén.

Estas vacacións-convivencia que organizamos nos albores da primaveira dende fai xa trinta anos, continúan a día de hoxe coa mesma premisa dos seus inicios: que os maiores teñan a oportunidade de descansar por uns días, de tantos anos de traballo acumulado, nun ambiente alegre e amistoso, coñecendo a riqueza de fóra da nosa contorna e compartindo e disfrutando de novas experiencias. O teñen ben merecido.

Estas vacacións son, como sempre, para os maiores, pero tamén poden participar as persoas adultas que o desexen.

Día 29 de abril: saída de Samos ás **8 da mañá**. Xantaremos en ruta. Visitaremos **Santo Domingo de la Calzada**. Unha cidade emblemática do Camiño de Santiago. Pola tarde chegada a Pamplona, onde estableceremos o noso cuartel xeral ata o día 3.



Vista xeral de Santo Domingo de la Calzada

Do día 30 ó 3: Visitaremos lugares de interese da Comunidade Foral de Navarra. Entre eles **Estella e Puente la Reina**. Son dous importantes e fermosos enclaves do Camiño de Santiago.



Vista de Puente la Reina

Dedicaremos un día á cidade de **Pamplona** para coñecer a súa catedral, pasear polas típicas rúas por onde corren os “San Fermín” e apreciaremos as edificacións máis relevantes.



Concello de Pamplona. Dende o seu balcón disparan o *chupinazo*

Tamén nos achegaremos a Roncesvalles. Aquí iníciase en España o camiño francés de Santiago, un lugar histórico de capital interese relixioso e civil. Outro lugar a visitar será **Olite**, un fermoso pobo con importantes edificios. O seu Pazo Real (s. XIII-XIV) foi unha das sedes da corte do Reino de Navarra a partir do reinado de Carlos III.

Teremos ocasión de coñecer o **Mosteiro de Leyre**: un dos conxuntos monásticos máis importantes de España, tanto pola súa historia como pola súa arquitectura. Nel repousan os restos dos primeiros reis de Pamplona. Hai documentación sobre Leyre dende o s. IX.



Mosteiro de Leyre

Non podemos abandonar estas terras navarras sen visitar o **Castelo de Javier**: aquí naceu no ano 1506 San Francisco Javier, patrono de Navarra. Este castelo foi declarado Ben de Interese Cultural en 1994.



Castelo de Javier

Os días 3 e 4 pernoctaremos en **Vitoria**. Visitaremos esta fermosa cidade o día 4. O paseo polo seu casco histórico daranos a oportunidade de apreciar e disfrutar da súa impresionante arquitectura renacentista.

O día 5 estaremos e pernoctamos en **Burgos**. Daremos unha volta pola cidade e visitaremos a súa marabillosa Catedral gótica e o Museo da Evolución. E o día 6 pola mañá seguiremos disfrutando desta cidade e pola tarde regreso á nosa terra.



Vista xeral de Burgos

Os que se animen a participar, deberán inscribirse antes do día 9 de marzo.



VACACIÓNS- CONVIVENCIA PARA OS MAIORES EN NAVARRA

29 ABRIL - 6 MAIO
2019